



CONCELLO DE CHANTADA

BORRADOR

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 30 DE XANEIRO DE 2020

Na dependencia habilitada na Casa da Cultura de Chantada como salón de sesións do Concello, o día trinta de xaneiro de dous mil vinte, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar a sesión prevista no art. 38 do ROF, convocada para as oito horas de dito día. A sesión comeza ás 20:03 horas.

PRESIDE:

O Sr. Alcalde: D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez (Grupo Partido Popular)

ASISTEN:

Os Sres Concelleiros:

Grupo municipal PARTIDO POPULAR: Don Manuel Diéguez Carballo, Dna. M^a Cándida Carnero Blanco, D. Diego Otero Veiga, Dna. Pamela Fernández Águila, D. Juan Alberto Diéguez Fernández e dona Concepción Fernández López.

Grupo municipal SOCIALISTA: Dna. Raquel López Rodríguez, D. José Luis Vázquez Hermida, don Daniel Gómez Fernández-Camiñas e dona María Varela Rodríguez.

Grupo municipal POR CHANTADA-CUP: Don Antom Fente Parada e Dona Cruz Fernández Rodríguez.

Secretaria: Dona María Yebra-Pimentel López, que da fe do acto.

Interventora: Dona María Cristina González Santin.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da **ORDE DO DÍA**.

1.- ACTAS ANTERIORES, CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS:

.- ORDINARIA DO DÍA 28/11/2019.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), o Presidente pregunta aos membros da Corporación, se alguén ten que formular algunha observación á acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 28/11/2019, formulándose as seguintes:

A Portavoz do Grupo Municipal Socialista, Dona Raquel López Rodríguez, realiza as seguintes observacións:

- 1) No punto cuarto da orde do día, relativo á modificación de horarios das sesións plenarias, o sentido do seu voto foi a abstención.
- 2) No punto número 8, relativo á moción do grupo municipal socialista sobre o subministro eléctrico no polígono dos acivros, no párrafo quinto, non se fai constar que a intervención é realizada polo Partido Socialista.

O Portavoz do Grupo Municipal Por Chantada-Cup, D. Antom Fente Parada, realiza as seguintes observacións:

- Solicita a numeración das actas, aos efectos, dunha mellor localización das observacións a formular.
- Pide que na páxina 9 que se faga constar que na sesión dixo que se presentou a reclamación o segundo día de prazo.
- Pide que na páxina 21 se faga constar que dixeron que se propuxese á Deputación e á Xunta que arreglaran os problemas do polígono.
- Fai constar que na páxina 24 se sinala que respostou a unha pregunta D. Manuel Diéguez Carballo cando eso é imposible porque non asistiu á sesión.
- Que na pregunta seguinte se indica que o Sr. Alcalde sinala que hai unha queixa de un veciño e que Dona Cruz Fernández Rodríguez, lle contestou que había un escrito da comunidade de veciños.

Coas observacións formuladas o Pleno do Concello, por **UNANIMIDADE**, acorda **APROBAR** a acta anterior, quedando elevada a definitiva.

PARTE RESOLUTIVA

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

2.- INADMISIÓN RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, EXPEDIENTE SUPLEMENTO 05/2019 G-1021/2019). DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA.

Polo Sr. Alcalde dase lectura ó ditame da Comisión informativa de data 27/01/2020 que é do seguinte teor:

“Visto o acordo do Pleno do Concello de Chantada en sesión celebrada con data 28 de novembro de 2019 polo que inadmiten as alegacións presentadas e se aproba definitivamente o expediente de suplemento de crédito 5/2019.

Visto que mediante Rexistro de Entrada 4473, de data 5 de decembro de 2019 se interpón recurso potestativo de reposición polo grupo Por Chantada-Cup á aprobación definitiva ao suplemento de crédito 5/2019.

Visto o informe de Secretaría e Intervención obrantes no expediente

Vistas as competencias atribuídas a esta Alcaldía e ao Pleno da Corporación pola normativa vixente en materia de réxime local PROPOÑO ao PLENO a adopción do seguinte:

ACORDO:

Único.- *Inadmitir o recurso de reposición interposto.”*

Vista a atribución que confire a este órgano colexiado o artigo 123 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, cos votos a favor do Grupo Municipal do P.P. (4) e con reserva de voto para o pleno do grupo PS de G-PSOE (2) e cos votos en contra do grupo por Chantada Cup (1), ditamínase favorablemente proposta formulada.”

Aberto o turno de debate intervén Dona Raquel López Rodríguez (PSDG-PSOE) para sinalar que o que se fixo foi facer unhas obras nun período moi dubidoso e que agora se branquea, que se inadmite a alegación sen entrar no fondo do asunto. Indica que no expediente do recurso de reposición se argumenta nos informes que non cabe a presentación do recurso e que queren ser respetuosos cos informes xurídicos, que o

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

triste son esas actuacións sobre as que non se fixo unha revisión de fondo, para saber se aconteceu así.

Intervén D. Antom Fente Parada para dicir que non se entra no fondo do asunto e que este é o último recurso que queda en vía administrativa, que se debe indicar o que se vai facer para solventar esta situación, porque é un feito que ocorre de xeito reiterado. Sinala que os reparos de intervención indican irregularidades manifestas, polo tanto, non actuamos de todo ben e teremos que dicir que imos facer para solucionalo. A Lei de Contratos do Sector Público non se cumpre, e que sospeita que hai motivos para a nulidade de pleno dereito, ese é o problema de fuxir para adiante. Sinala, que se administrativamente non se lle dan solucións terán que acudir aos xulgados, que non é agradable chegar a esta situación pero que son irregularidades sistemáticas e polo tanto van votar en contra. Seguidamente, solicita o voto nominal segundo o artigo 102 do ROF.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que é un tema suficientemente debatido e que non vai insistir no mesmo.

Seguidamente sométese a votación a solicitude do voto nominativo efectuada polo Grupo Por Chantada-Cup, co seguinte resultado: votos a favor do Grupo Municipal Socialista (4) e do Grupo Por Chantada-Cup (2) e cos votos en contra do Grupo Municipal Popular (7), polo que queda desestimada.

Seguidamente sométese a votación o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda do día 27 de xaneiro de 2020 co seguinte resultado: votos a favor do Grupo Municipal do P.P. (7), a abstención do PS de G-PSOE (4) e cos votos en contra do grupo por Chantada-CUP (2).

Á vista do resultado da votación, co voto de calidade do Sr. Alcalde, o Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único.- Inadmitir o recurso de reposición interposto.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

3.- APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN SAF, EXPEDIENTE G-37/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA.

Polo Sr. Alcalde dase lectura ó ditame da Comisión informativa de data 27/01/2020 que é do seguinte teor:

“Primeiro.- Acordar como a porcentaxe de gastos xerais e beneficio industrial o 5%, segundo os antecedentes expostos.

Segundo.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas así como o expediente de contratación para o contrato de servizos de axuda no fogar do Concello de Chantada.

Segundo.- Autorizar o gasto por importe 454.496,42, correspondente ao exercicio 2020 con cargo a aplicación orzamentaria 231.227.99.04.

Terceiro.- Nomear como responsable do contrato á Concelleira de Servizos Sociais Dona María Cándida Carnero Blanco.

Cuarto.- Determinar a composición da mesa de contratación de acordo co seguinte:

Presidente: D. Manuel Lorenzo Varela Rodriguez (Alcalde do Concello de Chantada)

Suplente: D. María Cándida Carnero Blanco (Concelleira de Servizos Sociais)

Vogais:

- Dona María Yebra-Pimentel López como Secretaria Municipal ou persoa que legalmente a substitúa
- Dona María Cristina González Santín, como Interventora Municipal ou persoa que legalmente a substitúa
- Don Jesús Ángel Ledo Cores (Funcionario do Concello de Chantada) , designándose como suplente a Dona Susana Martínez Rodríguez (Funcionaria do Concello de Chantada).

Secretario:

- Don José Manuel Otero Castiñeira (Funcionario do Concello de Chantada), designándose como suplente a D. Julio Cuñarro Taboada (Funcionario do Concello de Chantada).

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

Quinto.- Dispoñer a publicación dos documentos que procedan dacordo coa lexislación vixente no perfil do contratante, portal de transparencia e polos demais medios que resulte procedente segundo a normativa vixente.”

Vista a atribución que confire a este órgano colexiado o artigo 123 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, cos votos a favor do grupo do P.P. (4) cos votos en contra do Grupo Municipal por Chantada-Cup (1) e con reserva de voto para o pleno do Grupo Municipal do PS de G-PSOE (2), ditamínase favorablemente a moción presentada.”

Aberto o turno de debate intervén Dona Raquel López Rodríguez (PSDG-PSOE) para sinalar que asistimos a un capítulo máis da morte dun dos servizos máis importantes, o servizo de axuda no fogar. Sinala que non pode ocultar o seu abraio ao aprobar esta licitación sen ter aprobado o orzamento do exercicio 2020, que o que se fai é unha trapallada no lugar de aprobar o orzamento do 2020, que se xeran obrigas dun 8% máis para o SAF e que se engade outro compromiso máis no punto que ven por urxencia coa única razón da súa incompetencia e do bloqueo da información á oposición. Indica que se está comprometendo un 20% do crédito do orzamento 2020 sen traelo a debater, e que esta incompetencia queda de manifesto no SAF, que é un 10% máis caro e que só en IVA se van gastar 36.000 euros. Seguidamente indica que se se fala dos pregos entran dúbidas maiores pola súa xeralidade, sinala que na cláusula 27 de debería limitar máis a subcontratación e que o que máis preocupa é a situación na que podan quedar as traballadoras e que teñen serias dúbidas de se a súa situación vai mudar e de que convenio se lles aplicará. No prego técnico bótase en falta un maior control do servizo. Así mesmo, que non respalda que na mesa de contratación sexa o Presidente o Alcalde, que non é estético, que sería mellor unha mesa presidida por técnicos. En definitiva, que se trata dunha chapuza levada a cabo coa alevosía de esperar a despois das eleccións, unha clarísima incapacidade para xestionar un servizo do cal se queren desentender, un ataque á xestión pública, un conflito laboral, cercenando o dereito á folga das traballadoras e denegándolle sen piedade todos os días de asuntos que piden,

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

solventando os reparos insistentemente para poder prestar o servizo. Desta situación o único responsable é o equipo de goberno e o Alcalde en primeira persoa.

Intervén D. Antom Fente Parada (Por Chantada-Cup) para sinalar que reconece que as bases son rigurosas, que renderon os 1.800 euros que se lles paga á empresa para a súa redacción. Que non se pode ocultar a privatización, nin a mingua dos dereitos laborais e que se vai pagar moito máis polo servizo. Sinala que se negaron a falar coa oposición e a crear unha empresa pública para a prestación do servizo, que non houbo vontade de diálogo. É un servizo público pero privatizan, que é curioso que a lexislación é moito máis flexible para privatizar que para rescatar, pero claro son receitas do ultraliberalismo. Así mesmo sinala que a motivación parece moi xeral e ambigua. Que no prego de cláusulas administrativas particulares se indica que o local que debe ter a empresa pode estar en Chantada ou concellos limítrofes, que habería que intentar que estivese en Chantada. Por outro lado sinala que falamos dun lucro mínimo de 200.000 euros para a empresa durante a vixencia do contrato, que isto é o que xeran as privatizacións. Que na memoria se fala da adecuación da normativa laboral, por unha banda en por outra do convenio estatal, que nos pregos non se indica o convenio de aplicación, que se fai referencia a unha negociación cos sindicatos na que se aceptaba o de Galicia. Ademáis, indica que existe unha solicitude dos días de lactancia dunha traballadora do SAF que non aparece na subrogación, que pide a lactancia e que é excluída por decreto, que recorda que se acaba de aprobar un plan de igualdade. Que hai outras traballadoras que se negaron a vir e que si que aparecen na subrogación. Por outro lado indica que nomear como responsable do contrato á concelleira de servizos sociais é lóxico, pero que é contradictorio con que sexa suplente na mesa de contratación. Que sería máis bonito privatizar o goberno, aínda que xa é máis privado do que debería ser. Conclúe sinalando que o compromiso que se ten coa xente é de fideicomiso, pide que se reflexione e que se teña en conta estes aspectos.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que é difícil contestar a determinadas cousas, que na comisión informativa se actúa dunha maneira e no pleno de outra. Non sei porqué se poñen así aquí e non protestan noutros concellos como Ribadeo, Sarria ou Vilalba. Diríxese á portavoz do grupo socialista para dicirlle que debería utilizar outro tipo de adxetivos para falarlle, que na comisión informativa dixo respecto das traballadoras que

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

non entende que queren. Sinala que as traballadoras van mellorar incluso as súas condicións laborais, que se reuniu con elas e que se lles explicou o que se vai facer, que entende que é a mellor maneira de prestar o servizo.

Intervén, por alusións, Dona Raquel López Rodríguez (PSDG-PSOE) e pídelle ao Sr. Alcalde que non poña na súa boca palabras que non dixo, que na comisión preguntou se as traballadoras van quedar como están e que sendo así, non entende o motivo de que sigan en folga e pide que se aclare este extremo.

Seguidamente sométese a votación o ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior Urbanismo, Obras e Servizos do día 27 de xaneiro de 2020 co seguinte resultado: votos a favor do Grupo Municipal do P.P. (7), votos en contra do PS de G-PSOE (4) e do grupo por Chantada-CUP (2).

Á vista do resultado da votación, o Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Acordar como a porcentaxe de gastos xerais e beneficio industrial o 5%, segundo os antecedentes expostos.

Segundo.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas así como o expediente de contratación para o contrato de servizos de axuda no fogar do Concello de Chantada.

Segundo.- Autorizar o gasto por importe 454.496,42, correspondente ao exercicio 2020 con cargo a aplicación orzamentaria 231.227.99.04.

Terceiro.- Nomear como responsable do contrato á Concelleira de Servizos Sociais Dona María Cándida Carnero Blanco.

Cuarto.- Determinar a composición da mesa de contratación de acordo co seguinte:

Presidente: D. Manuel Lorenzo Varela Rodriguez (Alcalde do Concello de Chantada)

Suplente: D. María Cándida Carnero Blanco (Concelleira de Servizos Sociais)

Vogais:

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

- *Dona María Yebra-Pimentel López como Secretaria Municipal ou persoa que legalmente a substitúa*
- *Dona María Cristina González Santín, como Interventora Municipal ou persoa que legalmente a substitúa*
- *Don Jesús Ángel Ledo Cores (Funcionario do Concello de Chantada) , designándose como suplente a Dona Susana Martínez Rodríguez (Funcionaria do Concello de Chantada).*

Secretario:

- *Don José Manuel Otero Castiñeira (Funcionario do Concello de Chantada), designándose como suplente a D. Julio Cuñarro Taboada (Funcionario do Concello de Chantada).*

Quinto.- Dispoñer a publicación dos documentos que procedan dacordo coa lexislación vixente no perfil do contratante, portal de transparencia e polos demais medios que resulte procedente segundo a normativa vixente.

4.- APROBACIÓN DE FACTURAS, RECOÑECIMIENTO 01/2020. EXPEDIENTE 42/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA.

Polo Sr. Alcalde dase lectura ó ditame da Comisión informativa de data 27/01/2020 que é do seguinte teor:

“VISTOS os artigos 183 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, os artigos 52 e seguintes do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, as Bases de execución do orzamento para este exercicio e o artigo 8 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

VISTA a Providencia da alcaldía de iniciación do expediente de aprobación de facturas.

VISTA a relación de facturas, F/2020/1 (FACTURAS 2019 REC PLENO) por importe de 69.978,63€ que se ANEXA no expediente e forma parte do mesmo, e que recolle aquelas presentadas no Concello que foron conformadas, tanto en canto a prestación, como en canto a comprobación da mesma e a exactitude do importe e que se axustan aos valores de mercado.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

VISTO o seguinte cuadro:

CONCEPTO	IMPORTE	APLICACION
Tasa Confederación hidrogáfica nº 9916131922286	66,60 €	170/226.99.01
A Confederación Hidrográfica expediente s/27/0040/18/v de infracción	4.282,60 €	170/226.99.01
A A Confederación Hidrográfica expediente V/27/00030 de intereses de demora (Liquidación 17142019000185)	25,50 €	920/352.00
A Confederación Hidrográfica expediente V/27/00030 de intereses de demora (17142019000205)	25,50 €	920/352.00

VISTO o Informe de Intervención de omisión de fiscalización 1/2020

VISTA as Base 22 das Bases de execución do Orzamento, que regula os recoñecementos extraxudiciais de crédito.

PROPOÑO O PLENO

PRIMEIRO.- Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas da seguintes relacións de facturas, F/2020/1 (FACTURAS 2019 REC PLENO) por importe de 69.978,63€ que se ANEXA no expediente e forma parte do mesmo, e que recolle aquelas presentadas no Concello que foron conformadas, tanto en canto a prestación, como en canto a comprobación da mesma e a exactitude do importe e que se axustan aos valores de mercado.

SEGUNDO.- Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas da seguintes relacións de gastos:

CONCEPTO	IMPORTE	APLICACION
----------	---------	------------

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4Y03JFZJKX7903P2X9TDASS69 | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 32



CONCELLO DE CHANTADA

Taxa Confederación hidrográfica nº 9916131922286	66,60 €	170/226.99.01
A Confederación Hidrográfica expediente s/27/0040/18/v de infracción	4.282,60 €	170/226.99.01
A A Confederación Hidrográfica expediente V/27/00030 de intereses de demora (Liquidación 17142019000185)	25,50 €	920/352.00
A Confederación Hidrográfica expediente V/27/00030 de intereses de demora (17142019000205)	25,50 €	920/352.00

TERCEIRO.- Dar conta o departamento de Intervención-Tesourería para o seu coñecemento aos efectos oportunos.”

Vista a atribución que confire a este órgano colexiado o artigo 123 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, cos votos a favor do Grupo Municipal do P.P. (4) e con reserva de voto para o pleno do grupo PS de G-PSOE (2) e do grupo por Chantada Cup (1), ditamínase favorablemente a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas da seguintes relacións de facturas, F/2020/1 (FACTURAS 2019 REC PLENO) por importe de 69.978,63€ que se ANEXA no expediente e forma parte do mesmo, e que recolle aquelas presentadas no Concello que foron conformadas, tanto en canto a prestación, como en canto a comprobación da mesma e a exactitude do importe e que se axustan aos valores de mercado.

SEGUNDO.- Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas da seguintes relacións de gastos:

CONCEPTO	IMPORTE	APLICACION
Tasa Confederación hidrogafica nº	66,60 €	170/226.99.01

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

9916131922286		
A Confederación Hidrográfica expediente s/27/0040/18/v de infracción	4.282,60 €	170/226.99.01
A A Confederación Hidrográfica expediente V/27/00030 de intereses de demora (Liquidación 17142019000185)	25,50 €	920/352.00
A Confederación Hidrográfica expediente V/27/00030 de intereses de demora (17142019000205)	25,50 €	920/352.00

TERCEIRO.- *Dar conta o departamento de Intervención-Tesourería para o seu coñecemento aos efectos oportunos.*”

Aberto o turno de debate intervén Dona Raquel López Rodríguez (PSDG-PSOE) para sinalar que sobre os 70.000 euros que decían que eran sancións da Confederación que si son facturas. O Sr. Alcalde sinala que non sabe exactamente que a maioría son facturas pero que tamén hai sancións da Confederación. Dona Raquel continúa para dicir que o que son, son 70.000 euros de gasto sen planificar, que o Concello está sumido nun caos absoluto e no fio do arame. Que hai reparos que falan de fraccionamento de facturas que son cousas que son preocupantes, que non son opinións políticas, que se adxudican contratos reiterativamente ás mesmas empresas e que eso é un criterio técnico.

Intervén D. Antom Fente Parada (Por Chantada-cup) para dicir que os recoñecementos de crédito son habituais. Que se incumpren varias disposicións da lexislación, a lei de contratos do sector público, a lei de transparencia, que hai facturas emitidas por comunidades de bens, que non poden contratar coa administración, que se está saltando todo. Por exemplo as redes sociais do Concello, que hai que licitalas, que cando se pasa dun ano que se incumple a lei, que xa o advertiu no seu momento. No seu día tróuxose unha moción para facer un protocolo en relación as contratos menores, que tamén falou de centrais de contratación, que parece que “o Estado son Eu”, que unha cousa é un incumprimento puntual, e outra o incumprimento sistemático. Que piden por favor que nesta lexislatura se corrixan estas deficiencias.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que nalgún sentido teñen razón, pero que cando lles toque gobernar verán que é moi dificultoso, que polo menos este goberno pode pagar os recoñecementos, non coma cando chegaron no 2011.

Seguidamente sométese a votación o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda do día 27 de xaneiro de 2020 co seguinte resultado: votos a favor do Grupo Municipal do P.P. (7), votos en contra do PS de G-PSOE (4) e do grupo por Chantada-CUP (2).

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

Á vista do resultado da votación, o Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas da seguintes relacións de facturas, F/2020/1 (FACTURAS 2019 REC PLENO) por importe de 69.978,63€ que se ANEXA no expediente e forma parte do mesmo, e que recolle aquelas presentadas no Concello que foron conformadas, tanto en canto a prestación, como en canto a comprobación da mesma e a exactitude do importe e que se axustan aos valores de mercado.

SEGUNDO.- Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas da seguintes relacións de gastos:

CONCEPTO	IMPORTE	APLICACION
Taxa Confederación hidrográfica nº 9916131922286	66,60 €	170/226.99.01
A Confederación Hidrográfica expediente s/27/0040/18/v de infracción	4.282,60 €	170/226.99.01
A A Confederación Hidrográfica expediente V/27/00030 de intereses de demora (Liquidación 17142019000185)	25,50 €	920/352.00
A Confederación Hidrográfica expediente V/27/00030 de intereses de demora (17142019000205)	25,50 €	920/352.00

TERCEIRO.- Dar conta o departamento de Intervención-Tesourería para o seu coñecemento aos efectos oportunos.”

5- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE SERVICIOS NO RURAL. EXPEDIENTE G-36/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA.

Dase lectura ó ditame da Comisión informativa de data 27/01/2020 que é do seguinte teor:

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

“Deuse conta neste punto da orde do día da moción presentada polo grupo municipal Socialista, con rexistro de entrada nº 144, do 14/01/2020, sobre a adopción de medidas a prol da igualdade na que se solicita a adopción polo Pleno do Concello os seguintes acordos:

“1) Crear unha Comisión de estudo dos núcleos rurais do Concello de Chantada para avaliar as necesidades máis extremas para levar a cabo obras de redes de saneamento e traídas de auga.

2) Reflexar nos orzamentos algunha destas obras, segundo as conclusións obtidas en dita Comisión.

3) Adhesión do Concello de Chantada ó convenio asinado entre AMTEGA e a FEGAMP para a mellora de cobertura de comunicación móbiles no medio rural.

4) Comunicar á Xunta de Galicia e ó Goberno de España a necesidade de dotar de comunicacións de fibra óptica ás parroquias do Concello de Chantada.”

Vista a atribución que confire a este órgano colexiado o artigo 123 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, cos votos a favor do Municipal PS de G-PSOE (2) e coa reserva de voto para o pleno do grupo do P.P. (4) e do grupo por Chantada Cup (1), ditamínase favorablemente a moción presentada.”

Aberto o turno de debate intervén Dona Raquel López Rodríguez (PSDG-PSOE), para dicir que o obxectivo da moción é a mellora dos servizos no rural, que hai que facer moito, que o consideran moi importante pola falta de dotación e pola merma dos servizos, que hai moitos servizos e que non todos teñen a mesma urxencia, que se trata de ter unha calidade de vida digna. Sinala en canto ás traídas de auga e redes de saneamento que as considera moi urxentes, que en moitos lugares do noso Concello se carece destes servizos, que son os que, xunto cos accesos, considera básicos. Propón que se faga unha comisión de estudo para que se estableza un baremo e que se reflexen nos orzamentos os máis urxentes, que son conscientes de que estas cousas levan tempo, pero pensan que se pode comezar a poñer as bases para xestionar mellor.

Intervén D. Antom Fente Parada (Por Chantada-cup) para sinalar que a moción é moi interesante, xa que cada vez o abandono e o envellecemento se acelera máis. Neste sentido apoian a creación da comisión, que tamén sería interesante facer unha listaxe de pistas do Concello e que en canto ao saneamento o noso Concello está a anos luz de outros, que aquí viñeron as vacas gordas, pero que o saneamento non se fixo. Sinala que

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

tamén lle parece ben a demanda de fibra óptica, pero chegar a todo o rural coa fibra óptica supón unha millonada, que sería máis factible establecer fórmulas coas que o Concello tivese unha conexión óptima, que se deberían captar fondos do GDR. Indica que o que non lle convence é o convenio con AMTEGA, que considera que o proxecto wifi é mais interesante, que o convenio lle parece unha chapuza, xa que non ten en conta a cobertura e ademáis que o prazo remata esta semana e que se piden cousas que non sei se cumprimos.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que na comisión de réxime interior pódese empezar a realizar estas cousas. Que non se diga que o GDR non investiu no Concello, que investiu 200.000 euros no centro de día. Sinala que se lles parece ben que se fará a reunión antes dos orzamentos, que non lle van aprobar a moción aínda que entenden a necesidade.

Seguidamente sométese a votación o ditame da Comisión Informativa de réxime interior urbanismo Obras e servizos do día 27 de xaneiro de 2020 co seguinte resultado: votos en contra do Grupo Municipal do P.P. (7), votos a favor do PS de G-PSOE (4) e do grupo por Chantada-CUP (2).

Xa que logo rexeitouse a moción presentada.

6.- MOCIÓN DE POR CHANTADA-CUP, POR UNS SERVIZOS SANITARIOS DIGNOS PARA O INTERIOR GALEGO. EXPEDIENTE G-36/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA.

Dase lectura ó ditame da Comisión informativa de data 27/01/2020 que é do seguinte teor:

“Deuse conta neste punto da orde do día da moción presentada polo grupo municipal Por Chantada-CUP, con rexistro de entrada 2019-E-RE-272, do 19/12/2019, por uns servizos sanitarios dignos para o interior galego, na que se solicita a adopción polo Pleno do Concello os seguintes acordos:

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

ACORDO:

“1.- Instar á Xunta da Galiza a promover que a Consellaría de Sanidade dote, manteña e mellore os servizos que se viñan prestando no Hospital Comarcal de Verín para garantir a calidade asistencial da veciñanza, nomeadamente dos servizos da sala de partos, así como a actividade asistencial relacionada co embarazo, pre e posparto.

2.- Instar á Xunta da Galiza a manter ás profesionais vinculadas á unidade de partos e ampliar os recursos humanos en enfermaría obstétrico-xinecolóxica e enfermaría pediátricas, así como de profesionais da medicina pediátrica en todo o país.”

Vista a atribución que confire a este órgano colexiado o artigo 123 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e con reserva de voto para o pleno do grupo do P.P. (4) e do Grupo Municipal do PS de G-PSOE (2) e co voto a favor do Grupo Municipal por Chantada-Cup (1), ditamínase favorablemente a moción presentada.”

Aberto o turno de debate intervén D. Antom Fente Parada para sinalar que xa na comisión informativa a súa compañeira explicou a moción e sinala que, aínda que a moción está centrada en Verín, son conscientes dos problemas que teñen os hospitais do interior que xogan en segunda división e que acabarán xogando en rexional. Sinala que en Chaves se vai abrir un hospital privado e que a río revolto ganancia de pescadores, que ao final o que se fai é degradar os servizos públicos. É certo que, en canto ao paritorio de Verín, se deu recentemente marcha atrás, pero falta moito ata estar a nivel europeo e que non estamos na senda correcta. Conclúe sinalando que hai que ser solidario, que hoxe pasa en Verín pero que mañá pode pasar aquí, que outra cuestión é que non se pode financiar aos Concellos en función do número de habitantes, que hai que ter en conta o avellentamento.

Intervén Dona Raquel López Rodríguez (PSDG-PSOE) para sinalar que a sanidade pública é o servizo público por antonomasia, que é un tema estrutural, pero que a Administración debe estar para solventar estes problemas. Que o tema do paritorio de Verín fai reflexionar e que o medo está ahí, facendo referencia ao Hospital de Monforte. Sinala que en Verín a Xunta viuse afectada pola presión popular, e que van apoiar a moción sempre no sentido da blindaxe da sanidade pública.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que o problema da financiación está detrás da maior parte dos problemas dos servizos públicos, que se o goberno central non aporta cartos non hai nada que facer. Que hai que pelexar en Madrid pola forma de financiación dos servizos públicos, que non se debe ter en conta a poboación como único criterio de reparto, os cidadáns pagan impostos e hai que retribuilos como é o normal. Gústanos a moción, pero non lla imos aprobar.

Intervén D. Antom para sinalar que entende a argumentación do Sr. Alcalde e que pode ser difícil apoiála agora que está no PP, pero que o PP de Ourense foi valente neste

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

senso, aínda que no Parlamento por disciplina de partido non apoiou a moción, o que lamenta.

Seguidamente sométese a votación o ditame da Comisión Informativa de rexime interior urbanismo Obras e servizos do día 27 de xaneiro de 2020 co seguinte resultado: votos en contra do Grupo Municipal do P.P. (7), votos a favor do PS de G-PSOE (4) e do grupo por Chantada-CUP (2).

Xa que logo rexeitouse a moción presentada.

7.- MOCIÓN DE POR CHANTADA-CUP, PARA DECLARAR A EMERXENCIA CLIMÁTICA NO CONCELLO DE CHANTADA E SOBRE ADOPCIÓN DE MEDIDAS NO EIDO LOCAL PARA UN HORIZONTE SEN CARBONO. EXPEDIENTE G-36/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA.

Dase lectura ó ditame da Comisión informativa de data 27/01/2020 que é do seguinte teor:

Deuse conta neste punto da orde do día da moción presentada polo grupo municipal Por Chantada-CUP con Rexistro de entrada 4474 do 05/12/2019, para declarar a emerxencia climática na que se solicita a adopción polo Pleno do concello os seguintes acordos:

- “1.- Declarar a emerxencia climática no Concello de Chantada.*
- 2.- Desenvolver en 2020 un censo das toneladas de carbono fixadas no noso territorio, cando menos aquelas que non públicas ou pertencen a CMVMC, como ponderación para determinar a importancia estratéxica e económica do Concello de Chantada no horizonte da descarbonización e para reforzo do tecido empresarial instalado no noso territorio.*
- 3.- Dar cumprimento urxente ao acordo plenario quinto do día 3 de outubro de 2019, adaptados por unanimidade.*
- 4.- Aprobar un Protocolo local de fomento e conservación das estradas municipais con cobertura vexetal (PEMCOVE), que atenda ás indicacións da exposición de motivos da presente moción.*
- 5.- Convidar os Concello e Carballedo e Taboada a adoptaren un compromiso análogo ao exprimido nos puntos 1,2 e 4 deste acordo, para avanzarmos conxuntamente como comarca pioneira na descarbonización.*

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

6.- *Exixir ás AA.PP que nas cotas de carbono se atenda ao seguinte extremo: o CO2 secuestrado nunha comarca natural debe enlotarse apenas nesa comarca favorecendo o seu desenvolvemento.*

7.- *Demandar que a Xunta de Galiza mida o carbono emitido e fixado en cada concello de comarca do país e aposte por unha xestión como a indicada no punto 5º do acordo.*

8.- *Trasladar o presente acordo á FEGAMP, á FEMP, á Deputación de Lugo, aos ministerios de Fomento e Medio Ambiente e á Xunta de Galiza.”*

Vista a atribución que confire a este órgano colexiado o artigo 123 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e con reserva de voto para o pleno do grupo do P.P. (4) e Grupo Municipal do PS de G-PSOE (2) e cos votos a favor do Grupo Municipal por Chantada-Cup (1), ditamínase favorablemente a moción presentada.

Aberto o turno de debate intervén don Antom Fente Parada, que explica o contido da moción, sinala que sabemos que o Parlamento Europeo aprobou a Emerxencia Climática e que o Goberno do Estado fixo unha declaración simbólica e que como Concello se poden facer cousas. Que se trata de poñer en valor o que temos, fai referencia ás estradas vexetais, que en Europa son habituais, que hai que telo en conta porque se poden obter fondos europeos e que pode ser un incentivo para a conservación do que xa temos. Sinala que se fala moito do carbono, que tarde ou cedo vai afectar, que sería moi importante conseguir que parte do carbono que se produza aquí se gaste aquí, que sería moi bo para o rural, aínda que eso non vai solucionar os problemas climáticos. Conclúe dicindo que no cambio climático enganámonos nos mesmos.

O Grupo Municipal Socialista presente unha enmenda do seguinte teor literal:

Intervén o Sr. Daniel Gómez Fernández-Camiñas (PSDG-PSOE) para pedir respecto ás traballadoras en folga, que o conflito colectivo é un dereito fundamental. O Sr. Alcalde sinalalle que debe limitarse ao tema da moción, e que non lle vai dar leccións de respecto, que defenda a enmenda presentada. Continúa o Sr. Gómez para sinalar que considera moi oportuna a presentación desta moción, que se trata dun obxectivo que debe ser de toda a humanidade, que se deben rexeitar as voces negacionistas da ultradereita e da dereita compracente coa ultradereita. Que para o goberno de España que se acaba de constituír a transición ecolóxica é fundamental, que se trata dunha política transversal na acción de goberno, que se eleva a Vicepresidencia e que o Consello de Ministros declarou a emerxencia climática. Que están de acordo coa moción en xeral, que en canto á cuberta vexetal se ten que ter coidado porque pode resultar perigosa para o firme, que son problemas que se deben ter en conta na elaboración do protocolo, que ofrece a súa colaboración para a elaboración do protocolo. Que a enmenda que presente é de engadega, sinala que consideran que a enerxía é un dos factores que máis pegada de carbono ocasiona e sinala que votarán favorablemente.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que van rexeitar a moción, que acaba de participar nunhas xornadas de cambio climático na consellería de medio ambiente e que en Chantada non somos nin mellores nin peores que noutros sitios nin nos imos dirixir a outras Administracións, que se adoptan medidas como por exemplo as subvencións de aforro enerxético.

Sométese a votación a enmenda presentada resultando aprobada co voto a favor do Grupo Municipal Popular (7), PSDG-PSOE (4) e Por Chantada-Cup (2).

Seguidamente sométese a votación, coa incorporación da enmenda, o ditame da Comisión Informativa de réxime interior urbanismo Obras e servizos do día 27 de xaneiro de 2020 co seguinte resultado: votos en contra do Grupo Municipal do P.P. (7), votos a favor do PS de G-PSOE (4) e do grupo por Chantada-CUP (2).

Xa que logo rexeitouse a moción presentada.

8.- MOCIÓN E ASUNTOS DE URXENCIA.

Modificación orzamentaria 03/2020, mediante Crédito extraordinario 01/2020.

O Sr. Alcalde explica a urxencia da moción na importancia de dotar o crédito necesario para a adquisición de dúas casas, que resulta moi importante adquirir para adecuada prestación dos servizos municipais e que están pendentes de recibir financiación da Xunta para a súa adaptación, así como que hai outros compradores interesados.

Someteuse a votación a urxencia do asunto co seguinte resultado: votos a favor do Grupo Municipal do P.P. (7) e do grupo por Chantada-CUP (2) e a abstención do PS de G-PSOE (4). Pasando a tratar o asunto.

Polo Sr. Alcalde dase lectura da proposta de data 28/01/2020 que é do seguinte teor:

“Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do vixente orzamento desta Corporación do ano 2020, consistente nun crédito extraordinario por importe de 500.000,00€, sendo necesario dotar de consignación orzamentaria suficiente para poder adquirir dúas casa que son necesarias para o adecuado funcionamento dos servizos municipais, é necesario facer unha operación de crédito para poder financiar a súa adquisición, polo cal, debe efectuarse un crédito extraordinario con cargo á operación de crédito, veño a decretar, de conformidade cos artigos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

Reguladora das Facendas Locais, e o Real Decreto 500/1990, de 28 de decembro e as Bases de Execución do Orzamento:

Considerando o disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Visto o informe da Intervención.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN O SEGUINTE ACORDO

1. Que se proceda á aprobación inicial polo Pleno do **CRÉDITO EXTRAORDINARIO** 01/2020 por importe de 550.000,00€, conforme ao seguinte detalle:

INCREMENTO DO GASTO

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe
920-622.00	Edifícios e outras construcións	550.000,00
	TOTAL	550.000,00

INCREMENTO DE INGRESOS

Concepto	Destino	Importe
913.00	Préstamos recibidos a largo prazo de entes de fuera del sector público	550.000,00
	TOTAL	550.000,00

2. Exposición pública do expediente por un prazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da provincia.
3. Aprobación definitiva polo Pleno no suposto de que se presentaran reclamacións. Noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerarase definitivo sen necesidade de acordo posterior.
4. Publicación do expediente, resumido por capítulos, no Boletín oficial da provincia.
5. Simultaneamente o envío do anuncio da publicación indicado no apartado anterior, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.”

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

Aberto o turno de debate intervén Dona Raquel López Rodríguez para incidir en que por favor se lle mande a documentación con tempo suficiente. Sinala que para operacións deste índole o orzamento debería estar aprobado porque se están comprometendo moitos recursos. O Sr. Alcalde contesta que non, porque a operación terá un período de carencia e que ademáis prevese a súa pronta amortización, que o orzamento non é a panacea, que o Sr. Sánchez traballa cos orzamentos de Rajoy. Continúa sinalando Dona Raquel que vostede ten maioría absoluta, que a compra parece boa idea, que o Concello ten necesidades que se poden solventar, pero que en todo caso necesitamos a información con tempo suficiente e o estudo do tema para poder emitir o voto.

Intervén D. Antom Fente Parada para sinalar que lle van dar un voto de confianza xa que os edificios cuxa compra se propón parécenlle axeitados, que entende a urxencia se van conseguir as axudas da Xunta o antes posible. Sinala que entende que sería bo se podemos conseguir un edificio accesible a todas as persoas, a biblioteca e o arquivo. Non obstante que actuar así leva a recelos e desconfianzas.

Seguidamente sométese a votación a proposta da Alcaldía co seguinte resultado: votos a favor do Grupo Municipal do P.P. (7) e do grupo por Chantada-CUP (2) e a abstención do PS de G-PSOE (4)

Xa que logo adoptouse o seguinte ACORDO:

1. *Que se proceda á aprobación inicial polo Pleno do **CRÉDITO EXTRAORDINARIO** 01/2020 por importe de 550.000,00€, conforme ao seguinte detalle:*

INCREMENTO DO GASTO

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe
920-622.00	<i>Edificios e outras construcións</i>	550.000,00
	TOTAL	550.000,00

INCREMENTO DE INGRESOS

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

Concepto	Destino	Importe
913.00	<i>Préstamos recibidos a largo plazo de entes de fuera del sector público</i>	550.000,00
	TOTAL	550.000,00

2. *Exposición pública do expediente por un prazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da provincia.*
3. *Aprobación definitiva polo Pleno no suposto de que se presentaran reclamacións. Noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerárase definitivo sen necesidade de acordo posterior.*
4. *Publicación do expediente, resumido por capítulos, no Boletín oficial da provincia.*
5. *Simultáneamente o envío do anuncio da publicación indicado no apartado anterior, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.”*

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

9.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (DECRETOS 544/2019 A 47/2020).

Deuse conta das Resolucións da Alcaldía do nº 544 do ano 2019 ó nº 47 do ano 2020.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

Intervén Dona Raquel López Rodríguez (PSDG-PSOE) para sinalar que quere insistir no tema dos reparos, se xa os mandaran como os mandaban antes axilizaríase a tramitación administrativa. Asimesmo, sinala que é importante elaborar unha ordenanza de emerxencia social, e que en relación aos contratos menores hai varios reparos neste sentido, sinala que en materia de nóminas a situación é moi grave, irregularidades nas liquidacións, nos finiquitos. Sinala que son cousas graves pero que se poden corrixir.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

O Sr. Alcalde intervén para sinalar que unha das cuestións que xera un maior número de reparos é o servizo de axuda no fogar e que se lle está dando solución.

Continúa Dona Raquel para sinalar que hai tres reparos que considera graves e moi significativos o 46, no que se sinala que non hai crédito, o 52 no que se sinala que non se cumpre o convenio colectivo aplicable e o 42 no que se fala dun acto nulo de pleno dereito. Asimesmo, sinala outros repartos sobre as subvencións, que hai facturas que non se poden pagar como facturas, senón como subvencións, que son situacións que se poden arranxar. Fai referencia ao reparo número 53 no que se indica que falta a acta de recepción da obra o 40 relativo á encomenda de xestión do Obradoiro ao Concello de Carballedo, indicando que se asumen obrigas que non tiña encomendadas o Concello. O Sr. Alcalde contesta que cada Concello ten que pagar os seus materiais. Indica Dona Raquel que nos decretos observa moitas transferencias para a áreas de deportes e pregunta a que obedece. O Sr. Alcalde resposta que é imposible que se acorde de esto. Refírese a portavoz do PSDG-PSOE ao decreto 676 relativo á subvención camiño espazo de diálogo, ao que a Concelleira Dona Pamela Fernández Águila resposta que se solicitou unha subvención para un proxecto de xornadas e documentais. Sinala en canto ao decreto 660 se as axudas de transporte se limitaron a 3.400 euros e cal é a razón. A Concelleira Dona Concepción Fernández López contesta que non se solicitaron máis, que non se lle deu a axuda a dúas persoas porque cursaban estudos en Chantada e non entraba no obxecto da subvención. En relación á recaudación de Viaqua advirte que xa a Interventora sinalou que non se podían realizar as cousas así. Pregunta asimesmo si hai devolucións de subvencións á Xunta, e sinala REDE NATURA de 2018 e o RISGA de 2017. O Sr. Alcalde sinala que si hai algún aspecto das bases de subvención que non se cumpre, restan importe da subvención. Pregunta Dona Raquel a que se refire a Resolución 611 e o Sr. Alcalde resposta que se tiña fixada unha reunión co personal, para, entre outros extremos, establecer un Sistema de control horario, pero que non se celebrou porque os representantes do persoal non podían acudir.

Dona Raquel sinala que saíu na voz que 160 concellos se adheriran ao convenio de loita contra a velutina e pregunta se se adheriu Chantada. O Sr. Alcalde resposta que si. En relación ao convenio de recollida de animais perdidos pregunta se se cumpre a

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

normativa da Xunta. O Sr. Alcalde resposta que se está a falar cunha protectora de Xermade, e que o refuxio “O Cuco” non está homologado. Pregunta en relación á cadela Alma se se lle tiña comunicado ao Concello que estaba abandonada. O Sr. Alcalde resposta que non.

Seguidamente sinala que en virtude de Resolución de 9 de decembro de 2019 se publicaron as subvencións en materia de Xuventude e non aparece Chantada, pregunta se non se solicitou e por qué. A Concelleira Dona Concepción Fernández López contesta que non se solicitou e que non sabía que as había. Sinala ademáis que viron que se fixeron obras en Villardamos por 25.000 euros, indica que quedaron ben pero que non se rematou o núcleo e pregunta se pretenden rematado. O Concelleiro D. Diego Otero Veiga sinala que unha parte se fará con medios propios. Sinala Dona Raquel que nas actas da Xunta de Goberno viu obras en Garabelos e na Igrexa de Muradelle e que celebra que se fagan.

Seguidamente Dona Raquel pregunta se se inspeccionan as ruínas. O Sr. Alcalde sinala que se está facendo previo aviso, que incluso está pensando en facerse cun técnico a tempo parcial porque é un tema que preocupa moito e que non hai medios, indica que ademáis sabe que o Concello é responsable subsidiario.

Sinala a Portavoz do grupo socialista que viu na prensa queixas do veciños da zona de Lama das Quendas sobre os horarios dos locais e pregunta se hai algunha conclusión. O Sr. Alcalde resposta que hai locais que non están cumprindo os horarios e que os teñen que cumprir, que ademáis teñen que deixar de quitar vidro para fora. Hai escritos da Valedora do Pobo e hai moito que facer.

Dona Raquel pregunta pola colocación das marquesiñas de Deputación e pide unha para Sabadelle porque hai rapaces que non teñen. O Concelleiro D. Diego Otero Veiga sinala que van pedir máis á Deputación e que tamén se vai poñer outra en Alemparte.

Sinala Dona Raquel que saíu unha Resolución para dar subvencións para a rehabilitación dos mercados municipais e pregunta se a solicitaron. O Sr. Alcalde contesta que primeiro queren facer unha reordenación da praza para aumentar a

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

variedade dos produtos ofrecidos. Seguidamente pregunta se vai pedir o Obradoiro con Carballedo. O Sr. Alcalde contesta que si.

Dona Raquel formula os seguintes rogos:

- A ponte en Adá leva rota durante máis de un ano.
- Os camiños de Quinzán da Vila, que hai queixas ao Valedor do Pobo. O Sr. Alcalde contesta que o luns ou o martes van tapar o bache.
- Que na Comisión Informativa se falaba da ordenanza da auga e que sería ideal que viñese co orzamento.
- Que hai queixas de que non funcionan os semáforos. O Sr. Alcalde contesta que a empresa que os arregla non pode vir ata a semana que ven.
- Que na Avenida de Portugal houbo días sen alumeadado público e sinala que na cabalgata de reis houbo retraso.

Seguidamente pregunta cando ten previsto presentar o orzamento. O Sr. Alcalde sinala que previsiblemente en marzo, pero que non depende solo del.

Finalmente indica que Antonio que lle pediu que dixera que foi expulsado do Concello. O Sr. Alcalde sinala que unha persoa non pode estar todo o día metido no Concello e que ademais non pode estar pola lei de protección de datos.

Intervén D. Antom Fente Parada para formular as seguintes preguntas:

1.- Indicacións a cuestións formuladas con anterioridade.

1.1.- Axudas ao transporte. Rogo para incrementar contías caso haxa poucas solicitudes e evitar os excesivos remanentes que están ficando nesta partida.

1.2.- Lama das Quendas. Puntualízase que, tendo falado coa asociación, o que pode esta é insonorizar os locais.

O Sr. Alcalde contesta que se vai adquirir un aparato para realizar as medicións.

II.- Subvencións.

2.1- *Resolución do 19 de novembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas no medio*

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

rural e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TU501B)¹.

Acolleuse o goberno a esta resolución? Con que proxecto?

A Concelleira Dona Pamela Fernández Águila contesta que si, que van facer un mirador en Tarrío.

2.2.- Para actuacións de mellora paisaxística e de mellora de bens e recursos que se encontren no Camiño de Santiago (DOG, nº 229, terza feira 2 de decembro do 2019). **Acolleuse o Concello a esta liña de axudas (remataba o prazo o 2/01/2020) de até 15.000€ para Concellos e 10.000€ pra persoas físicas ou xurídicas privadas (75%)?** O Concelleiro D. Diego Otero Veiga contesta que se gastará no Casco antigo para substituír placas co nome das rúas que aínda non están en galego e unhas letras de “Chantada” para que os visitantes podan fotografarse diante da Casa da cultura. Están estudando a peonalización.

2.3.- Para rehabilitar e reformar mercados municipais e prazas de abastos (DOG, 21/01/2020, 45 días para facer a solicitude e fondos FEADER, PDR). **Acolleuse o goberno a esta resolución? Con que proxecto?** A concelleira Pamela non ve a idoneidade de acollerse a esta resolución. Queren reorganizar a praza e apagar barreiras arquitectónicas. Pór queixos, viños e produtos locais para dinamizala. Porén, este ano correspondería facer a ordenación e logo pedir subvencións.

III.- Medio rural.

3.1- Rexistros e canalización de auga no lugar de Uriz.

Xa trouxemos hai medio ano aquí a cuestión da canalización de Uriz, producíndose inundacións pola falta de limpeza dos rexistros dadas as abundantes choivas. Rogámoslle novamente que o goberno teña en conta a situación e proceda a súa

1





CONCELLO DE CHANTADA

limpeza, que debería incluír a limpeza desde o manancial para asegurar tamén a existencia de auga no verao.

3.2.- Sinalización estrada San Lucas-Limiñón.

Colocáronse algúns indicadores recentemente, foi o Concello ou son privados? O Sr. Alcalde contesta que son de natureza privada.

IV.- Seguranza vial e infraestruturas.

4.1.- Fochancas na Cruz en Barrio.

Rogamos o arranxo de fochancas de dimensións considerábeis na cruz , no acceso a Barrio (parroquia de Muradelle).

4.2.- Pista de Pesqueiras-Airoá-Soilán.

Rogamos o arranxo da mesma dado o seu estado.

4.3.- Camporramiro-Polígono (a que pasa por Señorín).

Rogamos o arranxo da mesma dado o seu estado.

4.4.- Pista Río Pedroso até O Romeo.

Arraxada hai pouco xa volve ter fochancas, polo que rogamos se tomen medidas. Manuel Varela di que no cruce, polo peso do tránsito é incorrexíbel.

4.5.- Pistas da Deputación LU-P-1807 na parroquia de Brigos (Congostra Fonda e entrada a Eiriz) e LU-P-1805 (entre o Solar e Vilar de Eiriz).

Rogamos se demande á Deputación o seu arranxo, xa que hai fochancas considerábeis neses trechos da estrada e mesmo se produciron pinchazos en rodas.

4.6.- N-540.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

Apresenta importantes fochancas xa, precisamente na zona do Polígono. Rogamos que se actúe e non se volva a agardar a que estexa intransitábel para reaxir.

4.7.- Talude en Doutor Fleming.

Rogamos a rehabilitación do mesmo.

4.8.- Canto da rúa dos Pilos coa Alameda.

Non hai paseo (beirarrúa) e a vexetación da sebe entra na rúa. Rogamos que se actúe.

4.9.- Pista de Fornas.

Comezaron os arranxos da pista de Fornas para a que se recebeu unha subvención da Xunta da Galiza segundo informou o alcalde nunha CI? O Sr. Alcalde contesta que falou con Infraestruturas nesta semana e que, cando o tempo o permita, comezarán as obras con aglomerado en quente.

4.10.- Pista Surribas- Quinzán da Vila até o rego do Caño do muíño.

Solicítase o seu arranxo encontrándose nun estado de deterioro total.

V.- Educación.

5.1- Prescolar na casa.

Durante a pasada lexislatura, tanto sendo concelleiro educación Castor Novoa canto sendo Diego Otero, desenvolveuse o programa de Prescolar na casa. Para o mesmo o Concello outorgaba apenas unha achega de 1.300€ e a cesión dun local. No entanto, este curso aínda non se encontra operativo e, desde a asociación Antonio Gandoy, confirmáronnos que a nova concelleira non está polo labor de facer unha achega económica, aínda cando existen numerosas familias interesadas na súa existencia. Contestouse á solicitude de local formulada en 27/12/2020 en sentido negativo e sen dar alternativas e aínda o día 21/01/2020 receberan a notificación de cesión de local para xuntanza... celebrada en decembro!

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4Y03JFZJKX7903PZ9TDASS69 | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 32



CONCELLO DE CHANTADA

- **Por que, de repente, se segue o mesmo goberno se están pondo tantos problemas con este servizo que contribúe á crianza e á conciliación e ten demanda por parte das familias?**
- **Van ceder o local para que podamos ter no Concello de Chantada este servizo que contribúe para a crianza activa e a conciliación?**
- **Que día e en que horario?**

A concelleira Concepción Fernández, di que a estas preguntas contestará noutro momento.

VI.- Patrimonio e cultura.

6.1.- Entroido ribeirao.

Declarado o Entroido Ribeirao BIC, reside no Moredo e en Santiago de Riba, cando non fai tanto que se espallaba por Líncora, Vilauxe, A Sariña ou Nogueira. A asociación está facendo un traballo inxente e o día 9 de febreiro numerosos entroidos da Galiza visitarán a vila de Chantada. Coidamos desde o noso grupo que xa non sabemos como rogarlles que arranxen a casa escola do Moredo e o campo, así como incrementa a subvención nominativa ao noso maior elemento elemento do patrimonio inmaterial xunto coa lingua e o Folión de carros.

Indícase que neste ano se vai substituír a varanda e Manuel Diéguez di que teñen compromiso de corrixir a situación e incrementar o apoio á Asociación do Entroido Ribeirao.

VII.- Medio ambiente.

7.1.- Colectores soterrados da rúa Nova.

O seu estado é deplorable e dá má sensación nunha das entradas ao casco antigo e nunha das principais rúas da vila. Cando menos, rogamos que se baleiren.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

7.2.- Decreto 615/2019 de 31 de decembro, devolución 9.971.72€ da anualidade 2018 por importe non xustificado da Rede Natura.

Os fondos da Rede Natura, outorgados pola Consellaría de Medio Ambiente, territorio e vivenda, non son suficientes para a xerir correctamente estes espazos e involucrar as poboacións locais. No entanto, sorprende que o Concello de Chantada perdesse case 10.000€ por non xustificar o importe. **Poden explicar isto?**

O Sr. Alcalde indica que a tardanza dalgúns informes necesarios dalgúns departamentos atrasa todo e xa se queixaron na Xunta de Cultura, Patrimonio e da Confederación Hidrográfica. É imposible cumprir así os prazos e, para o rexedor, eran mellor transferencias directas aos concellos. Tiveron que readaptar cartos do Plano Único de Mondín porque a Confederación Hidrográfica exige abastecemento de auga e complica todo para o arranxo da casa da escola. Acreditan pozo de 50 anos, mais non lles vale, e a concesión tarda un ano.

VIII.- Urbanismo.

8.1.- Decreto 578/2019, do 4 de decembro.

Polo mesmo, déixase sen efecto a encomenda fixada na resolución da alcaldía 509/2019, de 7 de novembro, e efectúase unha nova encomenda da defensa e representación do Concello de Chantada no *Procedemento abreviado 331/2019* do Contencioso-administrativo, nº2 de Lugo a instancias de PRONOR Chantada S.L., a favor dos letrados da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial. Non pasaba nada por darnos a razón no pasado Pleno de novembro cando lle advertimos que estaban cometendo unha ilegalidade e lembrámoslle que a lexislación non permite que cargos eleitos contraten a familiares directos en nengunha modalidade.

8.2.- MP con ordenación detallada do PXOU en Pousada (Convenio urbanístico de planeamento coa mercantil Mirta Properties S.L.U.).

Mediante *Decreto 639/2019 de 20 de decembro* dáse trámite de audiencia aos titulares cadastrais afectados, total ou parcialmente, pola área de afección da MP en

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

cumprimento do artigo 401 do *Regulamento da Lei do Solo da Galiza (Decreto 143/206, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo da Galiza)*. No entanto o prazo fixado para alegacións ou adhesións ao convenio, 15 días, e a circunstancia de que rematase o mesmo día da reunión informativa (10 de xaneiro) invalidan o procedemento, xa que primeiro debe informarse axeitadamente e logo dar o prazo para formular alegación, se for o caso.

- **Vai o Goberno municipal convocar un novo prazo de alegacións, xa que mesmo a empresa redactora da MP recoñeceu que este procedemento era irregular?** O Sr. Alcalde sinala que as alegacións son despois e que só son 3 os afectados. Pode alegar calquera cidadán de Chantada.
- **Non debería na reunión informativa informar sobre Plano de como fica cada parcela e se hai mudanza do solo, posibilidade de expropiación etc.?**
- **Rogamos que se poña solución a estas deficiencias e se abra un novo período de alegacións e información que siga os procedementos legais establecidos.**

O Sr. Alcalde sinala que só houbo preguntas dos concelleiros do PSOE e que noutros sitios non se informa aos veciños. Que as alegacións poderán realizarse no momento en que se teña o plan desenvolto.

Non habendo máis asuntos a tratar o Sr. Alcalde-Presidente levanta formalmente a sesión sendo as 22:55 horas do expresado día, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.

A Secretaria

O Alcalde (Vº e P)

María Yebra-Pimentel López

Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4Y03JFZJKX7903PZ9TDASS69 | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 32



CONCELLO DE CHANTADA

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4Y03JRX79Q3PZ9TDASS69 | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 de 32